



# PLAN DIXITAL

## IES de Chapela

Versión 1.0\_17 de xuño 2022

# Índice do Plan Dixital

|   |    |
|---|----|
| <b>1. <u>Introdución</u></b>  |    |
| 1.1. Datos básicos do centro.....   | 3  |
| 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro..... | 3  |
| 1.3. Breve xustificación do mesmo.....  | 6  |
| 1.4. Proceso de elaboración.....  | 7  |
| <b>2. <u>Situación de partida</u></b>   |    |
| 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.....   | 8  |
| 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.....   | 14 |
| 2.3. Análise DAFO.....  | 15 |
| <b>3. <u>Plan de Acción</u></b>   |    |
| 3.1. Obxectivos, indicadores e accións.....   | 18 |
| 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.....                              | 27 |
| <b>4. <u>Avaliación do PD</u></b>   |    |
| 4.1. Seguimento do Plan de Acción.....  | 30 |
| 4.2. Propostas de mellora (revisión).....   | 30 |
| <b>5. <u>Difusión do PD</u></b> .....   | 30 |

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: IES de Chapela

CIF: Q8655593E

Código do centro: 36019566

Tfno: 886110610 /Fax: 886110623

Enderezo: Camiño de Penisal, 29 -36320 Chapela-Redondela

e-mail: [ies.chapela@edu.xunta.es](mailto:ies.chapela@edu.xunta.es)

web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ieschapela/>

No IES de Chapela desenvólvense as etapas educativas de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Ciclos Formativos. O claustro está formado por 83 profesores e profesoras, das cales 5 son funcionarias en prácticas de ESO e Bacharelato e 8 son funcionarios en prácticas de FP. Hai unha profesora de Relixión compartida con outros centros.

O número de total de alumnos durante o curso 21/22 é de 968 distribuídos nas diferentes etapas: 236 en ESO, 63 en Bacharelato e 669 en ciclos formativos.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A situación xeográfica de Chapela na ría de Vigo e o seu relevo accidentado, caracterizado por unha acusada pendente que baixa ata o mar, condicionaron o desenvolvemento da localidade e a infraestrutura viaria. Trátase dunha zona cunha densa ocupación demográfica (cun censo de máis de 7300 habitantes), seccionada pola autoestrada AP9 e dúas vías férreas e asentada arredor de dúas estradas conectadas por transporte público urbano coa cidade de Vigo, da que soamente se distancia en 6 km, e por transporte interurbano con Redondela; así mesmo, sitúase a 17 km da cidade de Pontevedra. Estas circunstancias provocan que Chapela teña unha identidade propia e, ao mesmo tempo, semelle máis unha continuidade do tecido urbano vigués que unha parroquia de Redondela.

Chapela é unha vila mariñeira. Dentro do seu tecido empresarial, ademais de empresas familiares e un pequeno porto pesqueiro, destaca a industria conserveira e frigorífica, como é o caso de Pescanova. Asemade, a parroquia conta coas oficinas de redacción do xornal Faro de Vigo, sitas a poucos metros do centro educativo. No entanto, gran parte da veciñanza acode a traballar á cidade de Vigo. En xeral, o nivel sociocultural e económico das familias do contorno é maioritariamente de tipo medio-baixo, con estudos primarios, aínda que tamén hai unidades familiares con estudos medios e superiores.

A localidade dispón de diferentes recursos comunitarios, como son un centro de saúde, un auditorio multiusos con biblioteca, un pavillón polideportivo, unha escola municipal de música, unha oficina de servizos sociais comunitarios, un centro de deportes acuáticos con piscina e un porto deportivo. Así mesmo, Chapela conta cunha forte rede de asociacións veciñais, culturais e deportivas que ofrecen un amplo catálogo de actividades entre as que sobresaen o balonmán, o remo, o fútbol e a música tradicional.

O IES de Chapela comezou o seu funcionamento no 1991, como demanda da veciñanza de Chapela dun centro onde a xente nova que rematase a Educación Primaria puidese continuar os seus estudos sen desprazarse a Vigo nin a Redondela. Naceu como un IESP, integrando as ensinanzas de BUP e COU, en breve transformadas en ESO e Bacharelato, e a Formación Profesional. Tres ensinanzas coas que segue contando o instituto hoxe en día, e nas que destaca a oferta de ciclos medios e superiores das familias profesionais de sanidade e de servizos á comunidade, en réxime ordinario e modular:

- CM Farmacia e Parafarmacia
- CS Dietética
- CS Documentación Sanitaria (só en réxime ordinario)
- CM Atención a Persoas en Situación de Dependencia
- CS Educación Infantil
- CS Integración Social (só en réxime modular).

O financiamento do centro nítrese das achegas da Administración autonómica e do Fondo Social Europeo. Preto de oitocentas persoas cursan estudos no IES de Chapela. Un terzo nas ensinanzas de ESO e Bacharelato, e dous terzos na Formación Profesional. Do total do alumnado un 39% cursa ciclos formativos en oferta modular, un 28% ciclos formativos en réxime ordinario, un 25% realiza estudos de ESO e só un 8% de Bacharelato. O alumnado de Formación Profesional acude desde todos os puntos de Galicia, non así o de ESO e Bacharelato, circunscrito ás parroquias de Chapela e Trasmañó, e en menor medida á veciña de Teis. Sons os

colexios públicos de primaria adscritos ao IES de Chapela, CEIP Laredo, CEIP Alexandre Bóveda e CEIP Igrexa, de onde se nutre o instituto xeración tras xeración para principiar a ESO.

As nais e pais do noso alumnado poden asociarse á ANPA O Penisal, que se implica e colabora co centro, e que nos últimos anos viu ampliada a súa influencia e participación na vida do instituto.

O centro desenvolve nestes momentos cinco **Plans Proxecta:**

- Activistas polo mundo que queremos (Sostibilidade)
- MeteoEscolas
- Aliméntate ben
- Por 365 días de respecto e igualdade
- Proxectos de Vida activa e deportiva

. Participamos ademais en dous **contratos programa:**

- Inclúe
- Innova

É neste último aspecto no que o profesorado do IES de Chapela se forma xa desde hai anos nun **PFPP** que ten como eixe a mediación e entendemento entre os distintos sectores da comunidade educativa, mais tamén o traballo dos espazos de cara a facer un centro máis humano. Non é o noso único PFPP, a recente incorporación ao programa EDIXGAL e necesidade da realización do Plan Dixital, fíxonos crear dous grupos de traballo para a dinamización das TIC no centro:

- O Plan Dixital do IES de Chapela
- Actualización de EDIXGAL no IES de Chapela

O IES de Chapela está incluído dende o 2021 no PLAMBE e desenvolve ademais un **Club de lectura** e unha **revista O Berete** no que participa alumnado e profesorado.

Na Programación Xeral Anual do curso 22/23 o Plan Dixital contribuirá a mellorar a competencia dixital docente do profesorado e do alumnado, mellorará e organizará a infraestrutura dixital do centro e proporá a creación de novos espazos onde toda a comunidade educativa poida desenvolver traballos prácticos relacionados coas competencias STEM.

Calquera destas actividades ten, como todo no mundo educativo e na sociedade actual, unha necesaria relación coas TIC, mais sobre todo as liñas de actuación comentadas son síntoma da vitalidade dunha comunidade educativa que quere seguir transformándose e crecendo incluíndo o Plan Dixital, e outros proxectos, neste proceso.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A sociedade está a sufrir un gran cambio dixital: está a cambiar a forma en que nos relacionamos, en que aprendemos e a forma de traballar. Polo seu gran despregue e implantación no territorio nacional, os centros educativos deben ser polos de transformación dixital das comunidades nas que se integran, dese modo a cidadanía alcanzará as competencias dixitais necesarias para que poida participar na vida social, económica e civil.

Por todo isto e atendendo á normativa vixente aparece a necesidade de elaborar o Plan Dixital do noso centro. Nel quedarán reflectidos os recursos tanto materiais como humanos, a organización deses recursos, e tamén establecerá as necesidades futuras para optimizar o seu uso.

Normativa vixente:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

## 1.4. Proceso de elaboración

Este documento foi elaborado polo equipo de Dinamización do Plan Dixital formado polas profesoras:

Josefa de la Concepción Blanco (Secretaria)

Olga Rey Estraviz (Vicerreitora)

Mónica García cortizo (Profesora do departamento de Tecnoloxía)

M<sup>a</sup> Begoña Fernández Calvar (Coordinadora TIC e Coordinadora EDIXGAL)

Para a realización do documento empregamos sesións de traballo individual e unha sesións semanal onde nos reuníamos o equipo de Dinamización do Plan Dixital para facer unha posta en común chegar a acordos.

O proceso de traballo comezou no mes de novembro de 2021, realizamos unha primeira xuntanza para establecer os prazos e a metodoloxía de traballo para a elaboración do informe SELFIE, realizando ao profesorado e alumnado do centro as enquisas correspondentes. No mes de decembro poñemos en común a realidade dixital do centro segundo os resultados do SELFIE na Comisión de Coordinación Pedagóxica. O paso seguinte foi avaliar a Competencia Dixital Docente, polo que se informou ao profesorado do centro do proceso de realización das enquisas de avaliación, a través da aplicación de Fprofe, proporcionándolles unha pequena guía para a realización do test. No mes de marzo e abril asistimos ás dúas sesións de formación telemáticas onde os mentores do equipo ADIX nos indicaron os pasos a seguir para a realización do DAFO e do Plan de Acción. Redactamos o análise DAFO no mes de abril e nunha Comisión de Coordinación Pedagóxica expoñemos a situación do Plan Dixital e solicitamos aos departamentos achegas para establecer o Plan de acción. Baseándonos nos resultados acadados no SELFIE e ao exposto no DAFO elaboramos o Plan de Acción durante o mes de maio. O último paso foi a elaboración do Plan Dixital versión 1.0 durante os meses de maio e xuño. Rematamos o curso expoñendo ao claustro os obxectivos e o plan de acción para establecer a estratexia dixital do curso 2022/23.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### 2.1.1. Conectividade

A conexión á rede de datos do centro ten a tecnoloxía de radioenlace, a velocidade nominal é:

**Liña principal:** FTTH 1G-1G (fibra)

**Liña de respaldo:** RADIO-RED-ES PMW\_500M\_500M (radioenlace)

Tanto a rede cableada como as WiFi eduxunta ou abalar están dispoñibles en todos os espazos adicados á docencia, nos departamentos, na secretaría do centro e nas zonas comúns. Temos un total de 38 aulas con conexión WiFi e de 15 espazos ou outras dependencias. A conexión de datos ten unha velocidade nominal de baixada superior a 100 Mbps, como demostran os diferentes test de velocidade realizados nos equipos das aulas dixitalizadas.

#### 2.1.2. Equipamento dispoñible

| Aula           |                      | Equipamento   |
|----------------|----------------------|---|
| Aulas ESO/BACH | 11 aulas de ESO      | Aulas do proxecto EDIXGAL, con conectividade e posibilidade de visualización e interacción.   |
|                | 3 aulas de BACH      | Aulas dixitalizadas 2 aulas con equipamento informático con conectividade e posibilidade de visualización: 1 ordenador de aula, 1 proxector e 1 pizarra branca mate para proxección. En 1º BACH B a aula está dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización e interacción. |
|                | Desdobres 1          | 1 portátil e 1 proxector  |
|                | Desdobres 2          | 1 portátil e 1 proxector  |
|                | Taller de Tecnoloxía | 1 ordenador de aula, 1 proxector e 1 lona branca pregable para proxección<br>6 tablets<br>6 robots Makeblock<br>1 impresora 3D Legio Leon3D<br>2 kits Raspberry Pi3<br>4 kits Arduino Uno   |
|                | Aula de música       | Aula dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización: 1 ordenador de aula, 1 proxector e 1 pizarra branca mate para proxección.  |



|                                 |   |  |
|---------------------------------|---|--|
|                                 | Aula de informática I                       | Aula de informática con conectividade e posibilidade de visualización: 1 ordenador de aula, un proxector e unha pizarra branca mate para proxección. 26 ordenadores para o alumnado. |
|                                 | Laboratorio Física                          | Aula dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización: 1 portátil, 1 proxector e 1 lona branca mate para a proxección.   |
|                                 | Laboratorio de Química                      | Aula dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización: 1 portátil e 1 proxector 1 lona branca mate para a proxección.  |
|                                 | Laboratorio de Bioloxía                     | Aula dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización: 1 portátil, 1 proxector e 1 pizarra branca mate para a proxección.  |
|                                 | Aula TACO                                   | Aula dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización: 1 portátil, 1 proxector e 1 pizarra branca mate para proxección.  |
| Departamentos ESO/BACH          | Departamento Matemáticas                    | Aula dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización e interacción: 1 ordenador, 1 proxector e 1 pizarra dixital  |
|                                 | Departamento de latín                       | Aula dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización e interacción: 1 ordenador, 1 proxector e 1 pizarra dixital  |
|                                 | Departamento de Física e Química            | 1 ordenador de sobremesa, 1 ordenador portátil e 1 impresora   |
|                                 | Departamento Xeografía e Historia           | 1 ordenador de sobremesa, 1 impresora e 1 pantalla TV  |
|                                 | Departamento de Tecnoloxía/FOL/Economía/FCT | 3 ordenadores de sobremesa e 1 impresora   |
|                                 | Departamento de música                      | 1 ordenador de sobremesa   |
|                                 | Departamento de Bioloxía                    | 1 ordenador de sobremesa e 1 impresora   |
|                                 | Departamento de Inglés/Filosofía            | 1 ordenador de sobremesa e 1 portátil  |
|                                 | Departamento de Francés/Lingua Castelá      | 2 ordenador de sobremesa, 1 portátil, un proxector, 1 pizarra branca mate para proxección, 1 monitor TV e unha impresora   |
|                                 | Departamento de Lingua Galega               | 1 ordenador de sobremesa, 1 portátil e 1 impresora multifunción.   |
| Departamentos Ciclos Formativos | Departamento de Servizos                    | 2 ordenadores de sobremesa, 1 portátil e 2 impresoras  |
|                                 | Departamento de Sanitaria                   | 2 ordenadores de sobremesa e 1 impresora   |

|                                   |   |   |
|-----------------------------------|---|---|
| <b>Aulas de Ciclos Formativos</b> | Aula infantil   | Aula dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización: 1 ordenador de sobremesa, 15 portátiles para o alumnado e 1 proxector  |
|                                   | Obradoiro de infantil                                 | Aula dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización: 1 ordenador de sobremesa, 6 portátiles para o alumnado e 1 proxector   |
|                                   | Obradoiro Atención Sanitaria e Hixiénica              | Aula dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización: 1 ordenador de sobremesa, 11 ordenadores para o alumnado e 1 proxector   |
|                                   | Obradoiro de Apoio Domiciliario                       | Aula dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización: 1 ordenador de sobremesa, 12 ordenadores para o alumnado e 1 proxector   |
|                                   | Aula de Teleasistencia e Formación a distancia        | Aula dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización: 6 ordenadores de sobremesa e 1 proxector   |
|                                   | Aula de Cociña  | Aula dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización: 1 portátil de aula e 1 proxector   |
|                                   | Aula de ordenadores de Dietética                      | Aula dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización: 1 ordenador de profesor e 8 de alumnado  |
|                                   | Laboratorio de Farmacia                               | Aula dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización: 1 portátil e 1 proxector   |
|                                   | Laboratorio de Dietética                              | Aula dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización: 1 ordenador de sobremesa e 1 proxector   |
|                                   | Aula de Farmacia 2º Andar                             | Aula dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización: 1 ordenador de sobremesa e 1 proxector   |
|                                   | Aula de Farmacia 3º Andar                             | Aula dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización: 1 portátil e 1 proxector   |
|                                   | Aula Documentación 1º                                 | Aula dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización: 1 ordenador de aula e 28 ordenadores para o alumnado   |
|                                   | Aula Documentación 2º                                 | Aula dixitalizada con conectividade e posibilidade de visualización: 1 ordenador de aula e 26 ordenadores para o alumnado   |
|                                   | Portátiles de programas específicos                   | 58 portátiles do Programa Educa en Dixital para o uso do alumnado   |
|                                   | Departamento de Orientación                           | 2 ordenadores de sobremesa e 1 impresora  |
| Aula PT                           | 3 ordenadores de sobremesa, 1 impresora e 1 proxector |   |
| <b>Zonas comúns</b>               | Biblioteca  | 1 ordenador de sobremesa, 1 portátil e 1 impresora multifunción para as tarefas administrativas e de xestión do catálogo de libros e 2 ordenadores de sobremesa para o uso do alumnado. |
|                                   | Sala de profesorado                                   | 4 ordenadores de sobremesa, 1 proxector, 1 impresora multifunción e 1 lona branca pregable para proxección.   |
|                                   | Sala de conferencias                                  | 1 ordenador, 1 proxector e 1 lona branca pregable para a proxección.  |

|  |                     |   |
|--|---------------------|---|
|  | Sala de xuntas      | 1 ordenador   |
|  | Oficinas            | 2 ordenadores e 1 impresora para a xestión e administración do centro   |
|  | Conserxería         | 1 ordenador de sobremesa e 1 portátil para a xestión e administración do centro   |
|  | Dirección           | 1 ordenador e 1 impresora para a xestión e administración do centro   |
|  | Secretaría          | 1 ordenador de sobremesa ,1 portátil e 1 impresora para a xestión e administración do centro  |
|  | Xefatura de estudos | 2 ordenadores e 1 impresora para a xestión e administración do centro   |
|  | Vestíbulo           | 3 ordenadores de sobremesa ,conectados coa impresora de conserxería para dar servizo ao alumnado que precisa facer trámites administrativos no centro no proceso de Admisión de Ciclos. |

### 2.1.3. Servizos dixitais educativos

Os servizos que empregamos para desenvolver as tarefas de xestión docente son os que nos proporciona a Consellería, non empregamos ningún outro servizo dixital non corporativo agás a o conta da rede social Instagram e a canle de Youtube do IES de Chapela:

**Correo corporativo:** Emprégase como ferramenta de comunicación entre os membros da comunidade educativa.

**Páxina web do centro:** Dispomos dunha páxina web actualizada na que publicamos información relevante para o correcto desenvolvemento das funcións do centro: avisos de convocatorias oficiais, publicación das programacións de todos os departamentos, lexislación e normativa vixente, publicacións dos horarios de grupo, información COVID, publicación periódica de contidos que difunden as actividades realizadas no centro.

**Aula Virtual:** Temos cursos creados para todas as materias impartidas nas diferentes etapas educativas. O profesorado emprega este servizo para as súas labores docentes, crea e publica e avalía contidos e tarefas. Tamén serve como ferramenta de comunicación entre o docente e o alumnado.

**Plataforma eva de E-Dixgal:** O programa E-Dixgal implantouse durante o curso 2020/2021 en 1º ESO e durante o 2021/2022 en 2º, 3º e 4º de ESO, polo que empregamos esta plataforma para as labores docentes das materias incluídas no proxecto.

**Espazo Abalar:** Actualmente este servizo emprégase para a comunicación entre a comunidade educativa, con envío de avisos de centro, avisos de grupo, para a xestión das titorías, permitindo a solicitude de citas e empregándoa como ferramenta para a comunicación entre a persoa titora e o resto de profesorado do grupo. Tamén empregamos abalar para a xustificacions de

faltas de asistencia do alumnado e para a publicación e comunicación ás familias das cualificacións.

**XADE:** A xestión do centro, a matrícula do alumnado, as faltas de asistencia e as cualificacións das diferentes materias rexístranse nesta plataforma.

**WEBEX:** Empregamos esta plataforma de videoconferencias para realizar de xeito telemático as reunións do claustro e para a clases ou comunicacións puntuais co alumnado que por diferentes motivos non pode asistir ás clases presenciais durante un período de tempo determinado.

### **Servizos non corporativos:**

**Rede social Instagram:** Emprégase esta rede social para dar difusión ás actividades complementarias e saídas didácticas realizadas polo centro. A xustificación do uso desta plataforma en concreto e non outra é pola gran acollida que ten entre o alumnado, buscamos achegarnos á súa realidade intentado comunicarnos mediante vías nas que eles se manexan comodamente. Por outra banda dentro das ferramentas corporativas que se nos proporcionan non dispoñemos dunha plataforma dinámica, atractiva e de fácil xestión para a publicación de imaxes. Facemos uso de Drupal para publicar galerías de imaxes na web do centro, pero a súa xestión e presentación parécenos pouco actual, o mesmo ocorre con Coppermine, non nos parece que o seu deseño sexa o máis atractivo para o alumnado, tendo en conta as alternativas que se empregan na actualidade.

As imaxes publicadas corresponden sempre a planos xerais onde aparecen grupos de persoas realizando actividades dentro do ámbito educativo e para a súa publicación solicitamos permiso a todos os alumnos e alumnas ao comezo de cada curso escolar, mediante un impreso que se lles envía ás familias e que traen cuberto e entregan en xefatura de estudos. ([Modelo impreso autorización do uso da imaxe](#))

Para o curso 2022/23 levarase a cabo o rexistro do tratamento de datos para esta plataforma, cumprindo así coa normativa da Lei Orgánica de Protección de Datos e co Regulamento Xeral de Protección de Datos, xa que tal e como se reflexa no obxectivo 3 do Plan de acción, realizaremos actividades de formación para coñecer e aplicar correctamente esta normativa.

**Canle de Youtube:** O emprego desta plataforma é para a publicación de traballos e proxectos multimedia que consideramos precisan unha maior difusión e alcance. Para estas actividades solicitamos ao alumnado e ás familias a autorización do uso da imaxe e procederemos a facer o rexistro correspondente do tratamento dos datos para o vindeiro curso 2022/23.

#### 2.1.4. Xestión do mantemento dos equipos do centro

A xestión do mantemento dos equipos ten lugar a través da Secretaria do centro e da Coordinadora TIC/E-Dixgal. Distinguimos o equipamento E-Dixgal do equipamento do resto do centro.

**Equipos E-Dixgal:** Cando se detecta unha incidencia nunha aula E-Dixgal o profesorado ou alumnado envía a comunicación á Coordinadora E-Dixgal mediante correo electrónico ou aviso persoal. A coordinadora fai unha primeira revisión da incidencia e se considera preciso a atención do servizo técnico Premiumponse en contacto con eles e abre unha incidencia.

**Equipos de aulas dixitalizadas:** Cando se detecta unha incidencia no equipamento destas aulas o profesorado informa á secretaria do centro ou á Coordinadora TIC, faise unha primeira valoración da incidencia e se fose preciso avísase a un servizo técnico privado que o centro ten contratado. Se a incidencia require a intervención da UAC procédese a abrir incidencia.

**Equipos de departamento:** Estas incidencias son xestionadas a través dos xefes de departamento e da secretaria do centro ou coordinadora TIC e o servizo técnico privado.

**Equipos de xestión e administración do centro:** A resolución das incidencias teñen lugar entre a secretaria do centro e o servizo técnico privado.

**Equipos da biblioteca:** A resolución das incidencias teñen lugar entre a secretaria do centro e o servizo técnico privado.

#### 2.1.5. Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC

No centro dispoñemos dos seguintes plans nos que se trata explicitamente o uso das TIC:

- **Plan TIC:**

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieschapela/system/files/Plan%20Tic%20Chapela.pdf>

- **Plan de atención á diversidade:**

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ieschapela/system/files/PAD.pdf>

- **Plan de adaptación ao COVID:**

[https://www.edu.xunta.gal/centros/ieschapela/system/files/Plan\\_de\\_Adaptaci%C3%B3n\\_%20COVID\\_Protocolos%20Aulas%20-%20Versi%C3%B3n\\_1\\_21-22\\_0.pdf](https://www.edu.xunta.gal/centros/ieschapela/system/files/Plan_de_Adaptaci%C3%B3n_%20COVID_Protocolos%20Aulas%20-%20Versi%C3%B3n_1_21-22_0.pdf)

- Plan de continxencia:

[https://www.edu.xunta.gal/centros/ieschapela/system/files/Plan%20de%20Continxencia%20-%20IES%20de%20Chapela\\_2.pdf](https://www.edu.xunta.gal/centros/ieschapela/system/files/Plan%20de%20Continxencia%20-%20IES%20de%20Chapela_2.pdf)

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

| Areas                                   | Grupos         | Ensinanzas |             |     |
|---|----------------|------------|-------------|-----|
|   |                | ESO        | Bacharelato | FP  |
| A -Liderado                             | Equipo Direct. | 3,6        | 3,9         | 3,8 |
|   | Profesorado    | 3,7        | 3,6         | 3,6 |
|   | Alumnado       |            |             |     |
| B- Colaboración e redes                 | Equipo Direct. | 2,8        | 3,8         | 3,8 |
|   | Profesorado    | 3,1        | 3           | 3,3 |
|   | Alumnado       | 2,8        | 2,5         | 2,8 |
| C- Infraestruturas e Equipos            | Equipo Direct. | 4,4        | 4,5         | 4,4 |
|   | Profesorado    | 3,6        | 3,7         | 3,8 |
|   | Alumnado       | 3,7        | 2,7         | 3,4 |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | 4,8        | 4,6         | 4,6 |
|   | Profesorado    | 4          | 3,9         | 3,9 |
|   | Alumnado       |            |             |     |
| E- Pedagogía: Apoio e Recursos          | Equipo Direct. | 4,1        | 4           | 4,4 |
|   | Profesorado    | 3,9        | 3,7         | 4,1 |
|   | Alumnado       | 3,9        | 4,1         | 4,3 |
| F- Pedagogía: Implementación na aula    | Equipo Direct. | 3,5        | 3,5         | 4   |
|   | Profesorado    | 3,4        | 3,2         | 3,4 |
|   | Alumnado       | 3,2        | 2,8         | 3,6 |
| G- Prácticas de avaliación              | Equipo Direct. | 3,3        | 3,5         | 3,8 |
|   | Profesorado    | 3,1        | 2,7         | 3   |
|   | Alumnado       | 2,9        | 2,3         | 3,1 |
| H- Competencias dixitais do alumnado    | Equipo Direct. | 3,7        | 3,7         | 3,7 |
|   | Profesorado    | 3,2        | 3,3         | 3,4 |
|   | Alumnado       | 3,2        | 2,6         | 3   |

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

|             | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|-------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| DEFINITIVO  | 39                            | 47                    | 83%             |
| PROVISIONAL | 13                            | 13                    | 100%            |
| INTERINO    | 11                            | 14                    | 78,3%           |
| SUBSTITUTO  | 11                            | 17                    | 64,7%           |
| OUTROS      | 1                             | 1                     | 100%            |

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| 78,5                                 | Integrador (B1)      | 76,4  | Integrador (B1)                 |

## 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

|     | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|-----|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| ESO | 78,4                                 | Integrador (B1)      | 79,2  | Integrador (B1)                 |
| BAC | 75,5                                 | Integrador (B1)      | 77,9  | Integrador (B1)                 |
| F.P | 79,2                                 | Integrador (B1)      | 80,3  | Integrador (B1)                 |

## 2.3. Distribución do profesorado por niveis

|       | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|-------|---|---|
| A1    | 3   | 4%  |
| A2    | 24  | 32%                                       |
| B1    | 31  | 41,3%                                     |
| B2    | 13  | 17,3%                                     |
| C1    | 3   | 4%  |
| C2    | 1   | 1,3%                                      |
| TOTAL | 75  | 99,9%                                     |

Máis aló dos resultados do SELFIE e do test de CDD para elaborar a análise DAFO empregamos como fonte a nosa experiencia desempeñando diferentes cargos dentro do centro, como docentes, como coordinadoras TIC e como membros do equipo directivo.

## 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, do test CDD e outras fontes do centro xerouse unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver. Amósase a continuación:

| INTERNOS   |                             | FORTALEZAS   | DEBILIDADES  |
|------------|-----------------------------|--|--|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Implantación de EDIXGAL en toda a ESO</li> <li>2. Aulas dixitais en todas as etapas (proxeutor, ordenador e pantalla)</li> <li>3. Sala de profesores con ordenadores para uso docente</li> <li>4. Departamentos con ordenadores para uso docente</li> <li>5. Conexión wifi en todo o centro, con acceso para o alumnado</li> </ol> | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Resolución de incidencias técnicas</li> <li>2. Incidencias técnicas repetidas coa conexión wifi</li> </ol> |
|            | PERSOAL DOCENTE             | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. O equipo directivo incentiva e apoia a implantación do ensino dixital</li> </ol>   | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. O profesorado non dispón de tempo para explorar como mellorar o seu método de</li> </ol>                   |

|                               |   |  |
|-------------------------------|---|--|
|                               | <p>2. Existen plans de formación dixital no propio centro, dentro do PFPP</p> <p>3. O claustro conta co apoio do equipo directivo para a formación continua do profesorado</p> <p>4. O profesorado emprega tecnoloxías dixitais para a comunicación.</p> <p>5. O profesorado busca e crea recursos dixitais para reforzar a súa labor docente.</p> <p>6. O profesorado emprega contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado.</p>                 | <p>ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>2. Non existe un proceso de avaliación dos progresos do persoal docente no emprego das tecnoloxías dixitais.</p> <p>3. Pouca implicación en proxectos interdisciplinares que empregan tecnoloxías dixitais.</p> <p>4. Pouca retroalimentación no proceso de avaliación empregando tecnoloxías dixitais.</p> <p>5. Inseguridade ante novos retos relacionados coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>6. A metodoloxía de ensino en Bacharelato non fomenta o emprego de tecnoloxías dixitais na aula</p> <p>7. Pouca valoración das habilidades dixitais do alumnado.</p> |
| <b>PERSOAL NON DOCENTE</b>    |   |  |
| <b>ALUMNADO</b>               | <p>1. O alumnado de ESO dispón de ordenador portátil para o seu uso na casa e no centro</p> <p>2. O alumnado de FP ten a posibilidade de empregar o seu propio equipo na aula</p> <p>3. Disposición favorable da aprendizaxe empregando tecnoloxías dixitais.</p> <p>4. O alumnado non precisa empregar software privativo para o proceso de ensino aprendizaxe.</p> <p>5. O alumnado pode atopar a información que precisa na web do centro.</p> | <p>1. O alumnado con NAE ten escaso acceso a tecnoloxías asistenciais</p> <p>2. O alumnado de Bacharelato non emprega tecnoloxías dixitais na aula</p> <p>3. Baixa competencia dixital</p>   |
| <b>FAMILIAS</b>               | <p>1. Existen canles de comunicación entre as familias e o centro</p> <p>2. Emprego de plataformas en liña que permiten ás familias facer un seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe</p>  | <p>1. O alumnado de BACH non adoita traer o seu propio dispositivo á clase.</p> <p>2. Falta de confianza ante o uso da tecnoloxía para o aprendizaxe</p> <p>3. Baixa competencia dixital</p>   |
| <b>OFERTA</b>                 | <p>1. Ofértanse materias optativas relacionadas coas tecnoloxías dende 2º ESO ata 2º BACH</p> <p>2. Existe un Ciclo Formativo na modalidade a distancia, que emprega tecnoloxías de ensino dixital</p>  | <p>1. Non existen Ciclos Formativos relacionados coa rama da tecnoloxía dixital</p> <p>2. O baixo número de alumnos na etapa de BACH dificulta a configuración de grupos nas materias optativas relacionadas coas tecnoloxías</p>  |
| <b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b> | <p>1. O centro difunde información de interese a través da páxina web</p> <p>2. O centro emprega como canle de comunicación coa comunidade educativa a aplicación Abalar</p> <p>3. O centro emprega tecnoloxías dixitais para difundir información entre o profesorado</p>  | <p>1. Non existe asistencia técnica inmediata no centro</p> <p>2. Non existe uniformidade nas características do software instalado nos equipos.</p> <p>3. Pouco debate sobre o emprego das tecnoloxías do proceso de ensino-aprendizaxe</p>   |



| EXTERNOS   |                          | OPORTUNIDADES   | AMEAZAS   |
|------------|--------------------------|---|---|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. A administración educativa aposta pola incorporación do ensino dixital</li> <li>2. Existen achegas económicas na etapa de ESO</li> <li>3. Existencia de tecnoloxías dixitais que apoian o ensino e a aprendizaxe</li> <li>4. Oferta de actividades formativas</li> <li>5. Existencia da plataforma de préstamo de contidos E-LBE.2</li> </ol> | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Excesiva burocracia</li> <li>2. Carga horaria do profesorado</li> <li>3. Alta taxa de profesorado non definitivo en Ciclos Formativos</li> <li>4. Demasiadas tarefas administrativas que restan tempo ás pedagóxicas</li> </ol>   |
|            | LEXISLACIÓN              | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Adaptación do enfoque dos currículos ás novas tecnoloxías</li> <li>2. Oferta de materias específicas relacionadas coas TIC</li> </ol>   | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Cambios normativos continuos</li> <li>2. Currículos demasiado extensos</li> <li>3. Falta de difusión ao profesorado de pautas claras da aplicación da lexislación de protección de datos.</li> <li>4. Desfase entre a aplicación e a introdución no currículo das materias específicas de novas tecnoloxías.</li> </ol> |
|            | CONTORNA                 | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Proximidade a zonas empresariais con alto desenvolvemento tecnolóxico</li> <li>2. Proximidade a centros de estudo superiores relacionados coas tecnoloxías</li> <li>3. Existencia de biblioteca municipal con infraestrutura dixital e conexión a internet gratuíta</li> </ol>  |   |
|            | ANPA                     | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Boa relación entre o centro e a ANPA</li> <li>2. Emprego da páxina web do centro e da aplicación Abalar para a difusión e comunicación entre as familias.</li> <li>3. O alumnado dispón de dispositivos dixitais fóra do centro</li> </ol>  | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Inseguridade ante a efectividade do método por parte das familias</li> <li>2. Escaso coñecemento das ferramentas dixitais por parte das familias</li> </ol>   |
|            | OUTRAS ENTIDADES         | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Oferta por parte da UVIGO de actividades relacionadas coas TIC</li> <li>2. Oferta por parte de múltiples empresas e entidades de actividades en liña relacionadas coas TIC</li> </ol>   |   |

### 3. Plan de Acción

